



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

## ANUNCIO APROBACIÓN DAS BASES XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o xoves 22 de agosto de 2024, acordou **aprobar** as bases xerais de funcionamento do programa municipal de conciliación do Concello de Val do Dubra, cuxo texto se transcribe de seguido:

## BASES XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

### 1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto a fixación e regulación dos obxectivos, condicións e criterios aplicables ao desenvolvemento e xestión do “PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, así como ás actividades e prestacións concretas inherentes ao mesmo, consonte ao previsto a continuación.

### 2. Definición do Programa

O Programa Municipal de Conciliación do Concello de Val do Dubra integra todas aquelas actividades que, con arranxo aos criterios concretos de execución temporal sinalados nas presentes bases, esta entidade ofertará a aquelas familias do municipio con necesidade de conciliar a vida familiar e laboral e que, ao mesmo tempo e a tal obxecto, e durante o seu desenvolvemento, garantirán o coidado e atención de carácter lúdico/social e educativa dos/as menores participantes.

Este programa implicará e comprenderá o desenvolvemento das actividades de conciliación sinaladas a continuación, consonte ás condicións concretas de prestación que se indican nestas bases; e que se dividen, á súa vez, en dúas categorías, atendendo a súa previsión de prestación e períodos lectivos ou non lectivos do correspondente curso escolar:

Actividades de conciliación en períodos lectivos:

- Madrugadores/as

Actividades de conciliación en períodos non lectivos:

- Concilia Nadal
- Concilia Entroido
- Concilia Pascua
- Concilia Verán

### 3. Obxectivos e principios reguladores.

#### 3.1. Obxectivos

Obxectivo principal/xeral: Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias/unidades familiares (ou análogas) con necesidades ao respecto e cuxos/as menores sexan admitidos/as



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

como usuarios/as dalgunha das actividades que o integran.

Obxectivos específicos:

- α) Garantir, durante o desenvolvemento das diferentes actividades integrantes do programa, o coidado adecuado dos/as menores usuarios/as, xunto coa súa atención de carácter lúdico/social e educativa.
- β) Colaborar coas familias/unidades familiares na adquisición por parte dos/as menores de valores e de hábitos saudables de vida, consumo, alimentación e utilización do tempo libre.
- γ) Establecer unha metodoloxía de traballo que contribúa ao desenvolvemento global dos/as menores usuarios/as, fomentando a súa creatividade, autonomía, comunicación e socialización.
- δ) Garantir o coidado e atención dos/as menores por persoal debidamente cualificado.
- ε) Potenciar o benestar das unidades familiares (ou análogas).

### 3.2. Principios reguladores:

- α) Flexibilidade e multifuncionalidade: así, conforme á casuística ou necesidade de cada unidade familiar, poderase acceder ao programa en diferentes momentos e horarios.
- β) Benestar dos/as menores.
- γ) Educación en igualdade, evitando estereotipos de xénero ou aqueloutros discriminatorios; así como a adquisición de valores xerais de igualdade/non discriminación, inclusión, diversidade, cooperación, solidariedade, paz, cidadanía/convivencia cidadá, respecto, hábitos saudables, habilidades sociais/emocionais, habilidades artísticas, coidado do medio ambiente/ecoloxía e sostibilidade, promoción da lingua galega e linguaxe inclusiva/non sexista, e aqueloutros relacionados.

## 4. Persoas usuarias: Definición. Dereitos e deberes

### 4.1. Persoas usuarias

Entenderanse por persoas usuarias do programa as responsables (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código Civil e aquela outra normativa aplicable) dos/as menores admitidos nalgunha das actividades comprendidas no mesmo, así como as/os propios menores, que terán os dereitos e deberes inherentes e indicados nestas bases.

En todo caso para que os/as menores poidan resultar admitidos/as nas diferentes actividades do programa, deberán cumprir e acreditar as condicións e requisitos referidos no apartado 7.1.

### 4.2. Son dereitos das persoas usuarias do programa:

- a) O acceso ao programa segundo os requisitos e condicións que establecen estas bases; sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) A consideración debida á dignidade da persoa por parte do persoal do programa e das demais persoas usuarias.
- c) A protección dos seus datos persoais de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e restante normativa aplicable na materia.
- d) A intimidade persoal, tendo en conta as condicións de funcionamento do programa.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- e) A asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- f) A darse de baixa nas actividades do programa, por vontade propia.
- g) A dispor de información comprensible sobre o funcionamento do programa e as súas actividades, así como das medidas/actuacións que impliquen aos/ás menores e de canto afecte á súa educación.
- h) Recibir educación con suxeición aos principios de tolerancia, convivencia democrática e valores de igualdade.
- i) Aprender hábitos alimenticios sans, normas básicas de hixiene e comportamento.

### 4.3. Son deberes das persoas usuarias:

- a) Cumprir as normas de funcionamento do programa e as súas actividades, facendo un uso responsable dos mesmos.
- b) Satisfacer o prezo público no importe e forma previstos e aplicables.
- c) Facilitar unha información veraz e manter actualizados os datos necesarios para o acceso e permanencia nas actividades das que sexa usuarias, así como para a atención específica que poida ser requirida.
- d) Manter unha conduta inspirada na tolerancia, na colaboración e no mutuo respecto.
- e) Comunicar a baixa, cando proceda.
- f) Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e/ou urxencia, sexa necesario a recollida do/a menor.

### 5. Descrición e condicións de prestación das actividades de conciliación do programa.

#### 5.1. Madrugadores/as.

Descrición/obxectivos: Facilitar, durante os días lectivos do curso escolar a conciliación familiar e laboral dos pais e nais dos alumnos/as de ámbolos dous Colexios de Infantil e Primaria do municipio (CEIP de Portomouro “CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera” e CPI Bembibre) admitidos/a no mesmo (en diante usuarios/as), de xeito que estes contén cun servizo de coidado e atención dende dúas horas antes do inicio das clases, período durante o que realizarán actividades lúdico-educativas variadas, e durante o que poderán recibir ademais, e se así o solicitan, o ALMORZO.

Período habitual: Durante todos os días lectivos do curso escolar.

Horario habitual: Dúas horas antes do inicio diario das clases, en horario habitual de 7:30 horas ata ás 9:30 horas, no centro escolar de Portomouro, e de 7:15 a 9:15 no centro escolar de Bembibre. Os/as usuarios/as deben incorporarse ao servizo, como máximo, 30 minutos antes de comezar a xornada escolar.

Lugar habitual: Con carácter preferente, no CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera (Portomouro) e Centro de Formación de Bembibre (agás modificacións ao respecto fixadas pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio públicos desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición).

Opcións de uso polos/as usuarios/as: Opcións de uso en días soltos (usuarios ocasionais) ou ben todos os días (usuarios fixos).

Nº máximo e mínimo de prazas: o fixado pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio público desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición; mínimos e máximos que se fixarán, á súa vez, para cada centro escolar/lugar de prestación.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Val do Dubra, naturalmente*

### 5.2. Concilia Nadal.

Descrición/obxectivos: Desenvolvemento de obradoiros/actividades de coidado e atención lúdico-educativa que abarcan todo o período non lectivo das vacacións escolares do Nadal.

Período habitual: Durante todos os días non lectivos das vacacións de Nadal do curso escolar (excluídos sábados, domingos e festivos).

Horario habitual: De 8:00 h. ás 16:00 horas.

Lugar habitual: Nas instalacións determinadas/habilitadas ao efecto e para cada edición polo Concello.

Opcións de uso polos/as usuarios: Non caberá o uso en días soltos (só usuarios fixos).

Nº máximo e mínimo de prazas: o fixado pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio públicos desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición.

### 5.3. Concilia Entroido.

Descrición/obxectivos: Desenvolvemento de obradoiros/actividades de coidado e atención lúdico-educativa que abranguen todo o período non lectivo das vacacións escolares de Entroido.

Período habitual: Durante todos os días non lectivos das vacacións de Entroido do curso escolar (excluídos días festivos).

Horario habitual: De 8:00 h. ás 16:00 horas.

Lugar habitual: Nas instalacións determinadas/habilitadas ao efecto e para cada edición polo Concello.

Opcións de uso polos/as usuarios: Non caberá o uso en días soltos (só usuarios fixos).

Nº máximo e mínimo de prazas: o fixado pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio públicos desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición.

### 5.4. Concilia Pascua.

Descrición/obxectivos: Obradoiros/actividades de coidado e atención lúdico-educativa que abarcan todo o período non lectivo das vacacións escolares de Semana Santa.

Período habitual: Durante todos os días non lectivos das vacacións de Entroido do curso escolar (excluídos días festivos).

Horario habitual: De 8:00 h. ás 16:00 horas.

Lugar habitual: Nas instalacións determinadas/habilitadas ao efecto e para cada edición polo Concello.

Opcións de uso polos/as usuarios: Non caberá o uso en días soltos (só usuarios fixos).

Nº máximo e mínimo de prazas: o fixado pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio públicos desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición.

### 5.5. Concilia Verán.

Descrición/obxectivos: Desenvolvemento de actividades de coidado, ocio-tempo libre e atención lúdico-educativa durante as vacacións de verán, dende o remate do curso escolar ata



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

o inicio do seguinte curso. Desenvolverase en diferentes quendas (entendidas como os diferentes períodos temporais/de días en que se dividirá esta actividade), que o Concello establecerá en cada unha das convocatorias, de forma que estea proporcionado e adecuado tamén aos días de conciliación a cubrir durante o período non lectivo de verán.

Incluirá, ademais, a programación e desenvolvemento dun mínimo de 4 saídas lúdico-educativas, previa validación por parte do Concello; así como unha festa final de cada quenda. E que se incluírán dentro do prezo público satisfeito polos/as usuarios/as.

Período habitual: Durante todos os días non lectivos das vacacións de verán do curso escolar (excluídos sábados, domingos e días festivos).

Horario habitual: De 8:00 h. ás 16:00 horas.

Lugar habitual: Nas instalacións determinadas/habilitadas ao efecto e para cada edición polo Concello

Opcións de uso polos/as usuarios: Non caberá o uso en días soltos, só usuarios fixos por quenda completa.

Nº máximo e mínimo de prazas: o fixado pola administración xunto coa correspondente convocatoria e anuncio públicos desta actividade de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición, e por cada unha das quendas de prestación.

**5.6. Condicións/aspectos comúns a todas as actividades do programa** (agás no especificamente previsto para Madrugadores, consonte ao indicado no apartado seguinte).

- a) Xunto coas correspondentes convocatorias e anuncios públicos das respectivas actividades de conciliación e da apertura do prazo de preinscrición/solicitud de admisión determinarase, tamén, o número mínimo e máximo de prazas previstas/habilitadas; e a administración, en función da demanda das mesmas, e da cobertura dos ditos mínimos, poderá decidir a súa suspensión.

Ademais, xunto con dita convocatoria tamén poden establecer, de ser o caso, o número de prazas previstas para usuarios/as ocasionais/fixos, e as que se reserven para aqueles/as con NECESIDADES ESPECIAS ou para atender SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL E/OU URXENTES que poidan xurdir durante a súa prestacións.

Consideraranse situacións emerxencias sociais e/ou urxentes, aqueles supostos nos que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Menores tutelados/as pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida ou vítimas de violencia de xénero.
- Aqueloutros nos cales concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata, previo informe dos servizos sociais da Concello.

En todo caso, todas as anteditas situacións serán previamente informadas/acreditadas polos servizos sociais do Concello e, se é o caso, terán prioridade fronte ás persoas usuarias ocasionais.

- b) Xunto coas respectivas convocatorias públicas das diferentes actividades tamén se indicarán os lugares onde se desenvolverán; que coincidirán, con carácter xeral/ordinario, cos indicados nestas respecto de certas actividades (agás modificación



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Val do Dubra, naturalmente*

motivada ao respecto).

- c) Deberase elaborar, e poñer á disposición das persoas usuarias do Servizo, unha PROPOSTA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA E PRESTACIÓNS/ACTIVIDADES INHERENTES, que incluírá, como mínimo, os contidos/aspectos indicados a continuación:

I. Obxectivos xerais e específicos. Que deberan adecuarse, en todo caso, aos fixados para o programa, segundo o disposto nestas bases reguladoras .

II. Metodoloxía e criterios para a organización e desenvolvemento do programa. Que deberán adecuarse, en todo caso, a criterios e ás pautas metodolóxicas que, prioritariamente, se baseen nunha intervención socioeducativa que compaxine aprendizaxe e os aspectos lúdicos, e se elaboren dende a perspectiva de xénero e a promoción dos seguintes valores e/ou aspectos: igualdade/non discriminación, inclusión, diversidade, cooperación, solidariedade, paz, cidadanía/convivencia cidadá, respecto, hábitos saudables, habilidades sociais/emocionais, habilidades artísticas, coidado do medio ambiente/ecoloxía e sostibilidade, promoción da lingua galega e linguaxe inclusiva/non sexista, e aqueloutros relacionados.

III. Programa de actividades. Comprensiva dunha programación detallada, coas correspondentes previsións temporais/sobre cronograma, das actuacións/eventos que oferten e se comprometan a desenvolver en execución do programa, e por cada unha das diferentes actividades municipais comprendidas no mesmo; e no caso do concilia de verán, como mínimo as catro saídas e festas finais por quenda previstas neste prego (apartado 1.3.5.). E que se deberán planificar/elaborar/executar, en todo caso, consonte aos seguintes criterios:

- Atendendo ao obxectivos, valores e metodoloxía fixados.

- Atendendo ás distintas idades e capacidades das persoas menores aos que van dirixidas (e aos ditos efectos, distinguíranse, preferentemente, dous grupos de idade: ata os 6 anos; e de 7 a 12 anos; e con adaptación ás dependencias e recursos materiais e aqueloutros con que se desenvolvan).

- Que sexan susceptibles de avaliación, segundo o indicado ao efecto no apartado VII.

IV. Proposta de medios/recursos persoais. Na que se detallará os medios persoais mínimos adscritos á execución do programa e prestacións/actividades inherentes; e que deberá conter a relación do persoal de adscrición prevista para cada actividade do programa, con indicación do número e da categoría/condición profesional e titulación e formación acreditada.

V. Proposta de medios/recursos materiais. Na que se detallará os medios materias adscritos á execución do programa e prestacións/actividades inherentes; e que deberá conter unha relación detallada de ditos medios materiais por cada actividade do programa, e adecuada á programación de actividades proposta .

VI. Proposta de Almorzos. Referido á organización, menús e materiais/utensilios previstos para esta prestación, e que en todo caso deberá adecuarse ao previsto ao respecto, e con carácter básico, nestas bases.

VII. Proposta para a avaliación do desenvolvemento efectivo/realizado do Programa e prestacións/actividades inherentes, con indicación dos modelos e criterios/instrumentos/indicadores propostos ao efecto.

VIII. Proposta de protocolos a seguir nos seguintes supostos:

- Nas situacións de emerxencia (por incendio, sinistro ou calquera outro suposto



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

análogo de emerxencia producido durante o desenvolvemento das actividades comprendidas no programa).

- Nas situacións accidentes/lesiões das persoas usuarias ou calquera outro suposto de urxencia médica producido durante o desenvolvemento das actividades comprendidas no programa.

- Nas situacións susceptibles de apreciarse a concorrencia de supostos de acoso ou análogos producido durante o desenvolvemento das actividades comprendidas no programa.

- Para a recollida de queixas e suxestións

- d) Existirá a posibilidade (opcional) de que as persoas usuarias poidan realizar comidas (almorzo ou xantar), cos alimentos achegados, en todo caso, por elas mesmas; sen que exista responsabilidade algunha por parte do programa municipal e do persoal adscrito respecto das características dietéticas/nutricionais respecto dos alimentos achegados e a súa posible incompatibilidade con intolerancias/alerxias (e iso sen prexuízo de que o persoal adscrito a cada unha das actividades deba dispoñer dunha listaxe das persoas con posibles intolerancias/alerxias alimentarias, ou calquera outro tipo de patoloxía, coa finalidade da adecuada aplicación dos protocolos/procedementos de urxencia e atención correspondentes no seu caso necesarios).

Neste caso, o persoal adscrito á respectiva actividade asistirá ás persoas usuarias na realización das ditas comidas (xantar e/ou almorzo), vixiando e coidando o desenvolvemento do mesmo; e tamén se encargará da limpeza e orde do enxoval, mobiliario e utensilios utilizados para as ditas comidas (que serán facilitados pola administración municipal); así como da conservación en frío no seu caso necesaria (no/s frigoríficos facilitados ao efectos pola administración) ou quecemento (no microondas ou aqueloutros equipamentos facilitados ao efecto pola administración municipal) dos alimentos achegados.

- e) As comidas realizaranse con arranxo á organización horaria realizada en cada actividade, segundo os asistentes que teñan optado por esta opción; e, en todo caso e preferentemente, entre as 8.00 e as 10:00 horas, no caso do almorzo, e a partires as 14:00 horas no caso do xantar.
- f) No caso das actividades de Concilia Verán e Madrugadores/a deberase garantir o desenvolvemento dun **MÓDULO OU ACTIVIDADE ESPECÍFICA SOBRE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E/OU INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO** con carácter transversal de, como mínimo, 12 horas de duración.
- g) No caso da admisión de usuarios/as con necesidades especiais compatibles coas características e condicións das actividades do programa, previa avaliación e validación de cada caso concreto, este deberá contar coa atención preferente, e segundo as súas concretas necesidades, por parte de persoal con formación/experiencia ao respecto.
- h) O persoal adscrito a cada unha das actividades do programa encargarse do control da chegada/entrada e saída dos/as menores nas instalacións onde se desenvolvan, responsabilizándose de que sexan recollidos polas persoas formalmente habilitadas aos ditos efectos, segundo datos facilitados ao efecto.
- i) A flexibilidade horaria que, no seu caso, se poida producir nas diferentes actividades deberá garantir, en todo caso, e agás casos de urxente/motivada necesidade, a cobertura dun horario mínimo de 10:00 a 13:30 horas (nas actividades dos períodos non lectivos) ou de dúas horas de duración (no caso da actividade de madrugadores/as).



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- j) Ningunha das actividades do programa se prestará en sábados, nin en días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos ou estatais.
- k) As previsións iniciais sobre horarios, instalacións/lugares e datas de prestación, e usuarios das diferentes actividades do programa, poderán ser susceptibles dunha xustificada modificación en aras a unha mellor e máis adecuada prestación, atendendo a demanda, dispoñibilidade de espazos así como por aquelas outras razóns debidamente acreditadas e/ou de interese municipal. En todo caso estas posibles modificacións deberán ser comunicadas ás persoas usuarias coa suficiente antelación. E idénticas previsións, as anteditas, serán aplicadas nos supostos de cancelación das actividades por non acadar un mínimo de persoas usuarias que, de ser o caso, se teña fixado por cada actividade, ou calquera outra circunstancia.

### 5.7. Condicións/aspectos específicos da actividade de Madrugadores. Almorzo

A actividade de Madrugadores implicará a posta a disposición dos/as usuarios que así o soliciten (resultando polo tanto opcional) un servizo de ALMORZO; que incluírá/implicará:

- Preparación de almorzos equilibrados, de conformidade co previsto ao efecto nestas bases, así como na Proposta Técnica de organización do Programa. E para a elaboración, transporte e conservación dos mesmos e/ou dos seus compoñentes, deberanse cumprir as bases vixentes en materia de sanidade.
- Proporcionar aos/ás usuarios/as que o así o teñan solicitado o almorzo, vixiando e cuidando o desenvolvemento do mesmo.
- Limpeza diaria do enxoval/mobiliario no que se sirvan os almorzos.

Para o desenvolvemento desta actividade, e dentro da Proposta Técnica para o desenvolvemento do Servizo e prestacións/actividades inherentes que deberá elaborarse (e estar a disposición das persoas usuarias do servizo), terá que figurar unha PROPOSTA DE ALMORZOS referida á organización, menús e materiais/utensilios ofertados e comprometidos para esta prestación, e que en todo caso deberá respectar as seguintes condicións:

- Os almorzos serán dieteticamente equilibrados e adecuados ás necesidades dos/as usuarios/sa, e incluírán os seguintes alimentos:

- Lácteos.
- Froita, vexetais e zumes naturais.
- Cereais e pan.
- Outros similares aos anteriores, naturais e non procesados.

- Non se incluírá nos almorzos bolaría industrial (croissants, medias lúas, etc) nin margarina.

- Deberán atenderse as dietas especiais para calquera tipo de intolerancia, alerxia alimentaria ou enfermidade diagnosticada, sempre que teña sido formal e previamente comunicada polos interesados, e que se acredite mediante o correspondente certificado/informe médico.

### 6. Persoal

Deberase garantir a adscrición e dispoñibilidade do persoal suficiente e coa titulación/capacitación profesional e formativa necesaria para unha adecuada execución do programa e prestación das actividades de conciliación comprendidas no mesmo; e isto consonte as condicións e requisitos mínimos referidos a continuación:

6.1. Deberase garantir para cada unha das actividades do programa a presenza/adscrición, durante todos os días e horas da súa prestación, de persoal coa condición de monitor/a, en





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

número proporcional ao número de usuarios/as admitidos e, en todo caso, nunha ratio/relación máxima de 1/15.

Debendo existir, tamén, e aos efectos da coordinación operativa e directa das diferentes actividades de conciliación comprendidas no programa, un COORDINADOR/A por cada unha das ditas actividades; esta función de coordinador/a poderá ser asumida por algún dos/as monitores/as adscritos e, neste caso, terá a condición de COORDINADOR/A-MONITOR/A.

6.2. En relación co antedito e aos efectos de determinar a titulación/formación mínima e outros requisitos que deberá acreditar o persoal adscrito ao desenvolvemento de cada unha das actividades de conciliación que comprende o programa, estarase ao disposto a continuación:

### Titulación mínima requirida para todo o persoal:

- b) Monitor/a de lecer e tempo libre, ou equivalentes.
- c) Tamén serán admitidas como titulacións válidas, e aos ditos efectos: Técnico/a superior en Educación Infantil, Técnica/o superior en Animación Sociocultural e Turística, Técnica/o superior en Ensino e Animación Sociodeportiva, Técnica/o superior en Integración Social, Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia”, ou equivalentes.

### Restante formación e requisitos que deberá acreditar todo o persoal:

- Formación en primeiros auxilios (curso básico, ou equivalentes).
- Titulación/habilitación oficial para a manipulación de alimentos (carné de manipulador/a de alimentos, ou equivalentes).
- Certificado negativo de delitos de natureza sexual. Certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais de conformidade co previsto na normativa vixente (Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, ou aqeloutra análoga aplicable en cada momento.

## **7. Admisión nas actividades do Programa. Requisitos e tramitación**

### **7.1. Requisitos de admisión**

Para que os/as menores poidan resultar admitidos/as nas diferentes actividades do programa, deberán cumprir e acreditar as condicións e requisitos referidos a continuación:

#### **7.1.1. Requisitos de idade**

Os/as menores deberán poder acreditar que no momento de inicio das actividades nas que soliciten ser admitidos/as sexan alumnos de 4º a 6º curso de infantil, ou de 1º a 6º curso de educación primaria e non superar os 12 anos. No caso de alumnos/as de 4º de infantil, deberán ter superado o correspondente período de adaptación (consonte os criterios e duración fixados ao efecto pola administración educativa competente); e no caso de alumnos/as de 6º de primaria, e os efectos da actividade de concilia verán, admitiranse tamén aqueles/as que xa o teñan rematado (sempre que non superen os 12 anos).

#### **7.1.2. Requisitos xerais**

Os/as menores deberán poder acreditar, tanto no momento da solicitude de admisión na correspondente actividade, así como durante todo o tempo de súa utilización, ademais do especificamente disposto no apartado anterior, as condicións e requisitos básicos e xerais sinalados a continuación:

- a) Deberán acreditar que cando menos algún dos seus proxenitores titores/as ou representantes legais, empadroamento, residencia ou situación de convivencia (ou situacións análogas) no Concello de Val do Dubra.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- b) E sempre que existan prazas vacantes non ocupadas polos nenos/as que cumpran os requisitos anteditos, tamén poderán acceder os/as menores que estean escolarizados nun centro educativo de Val do Dubra, así como as fillas e fillos (ou menores/as ao cargo) de persoas que desenvolvan a súa actividade laboral/profesional/empresarial no termo municipal de Val do Dubra; esta última circunstancia deberá acreditarse nos supostos de traballo por conta allea con certificación da empresa/entidade empregadora, e nos caos de actividade empresarial/profesional, que deberá desenvolverse habitualmente no termo municipal, mediante a correspondente xustificación documental acreditativa de tal circunstancia.

### 7.2. Procedemento de admisión

#### 7.2.1 Solicitud de admisión. Preinscrición.

Xunto coas correspondentes convocatorias e anuncios públicos das respectivas actividades de conciliación, das que se informará/dará conta na páxina web e sede electrónica municipal, indicaranse tamén as datas de apertura do procedemento e prazo de preinscrición/solicitud de admisión.

En todo caso, dito procedemento de solicitud de admisión/preinscrición, adecuarase ao disposto a continuación:

- a) Os prazos para a presentación das solicitudes de admisión/preinscrición nas diferentes actividades serán, preferentemente, e sen prexuízo daqueles outros que de ser o caso e previa resolución motivada se puideran fixar xunto coas correspondentes convocatorias (e que deberán garantir, en todo cao, que a lista definitiva de admitidos/as sexa publicada con, cando menos, un mes de antelación ao inicio da respectiva actividade), os que deseguido se indican:
- Concilia verán: durante o mes de abril anterior ao seu inicio.
  - Concilia Nadal: do 1 ao 15 de outubro anterior ao seu inicio.
  - Concilia Entroido: do 1 ao 15 do mes anterior ao seu inicio en dúas mensualidades.
  - Concilia Pascua: do 1 ao 15 do mes anterior ao seu inicio en dúas mensualidades.
  - Madrugadores: durante o mes de xuño anterior ao seu inicio.
- b) As solicitudes de admisión/preinscrición realizaranse mediante formulario/modelo normalizado e facilitado a tal efecto (a través da web municipal ou nas propias oficinas municipais), que se deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra (vía telemática ou presencial) ou, no seu caso, consonte as formas alternativas contempladas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. E cuxa sinatura, por parte dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as menores, e no prazo e forma anteditos, implicará a aceptación das bases de funcionamento da actividade correspondente e a autorización para que poidan ser revisadas/comprobadas de oficio pola Administración as situacións de empadroamento/convivencia (ou análogas) alegadas; así como compromiso de proceder á xustificación fidedigna/documental das condicións/requisitos de ingreso que se manifesten cumprir, cando así poida ser requirido.

E xunto coas solicitudes achegarase a seguinte documentación (mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo/compulsa das mesmas; sen prexuízo de que se puidera requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal ou o seu cotexo):



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- Copia do DNI (ou documento acreditativo da identidade equivalente) dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as menores.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisión fixados no apartado 7.1.2.b (no caso de cumprir cos requisitos de admisión fixados no apartado 7.1.2.<sup>a</sup>).
- Copia de libro de familia, sentenza ou resolución/documentación administrativa que acredite a relación xurídica entre ambos (entre menores/as e os seus pais/nais, titores/as ou representantes legais).
- Copia de tarxeta sanitaria do/a menor/a.
- Copia de xustificante bancario de ter aboado o prezo público correspondente, no caso das actividades en que se prevexa/requirira esta pagamento previo (autoliquidación); ou, no caso de se prevexa a liquidación do prezo público por parte do Concello, certificación de conta bancaria na que se fará efectiva.

### 7.2.2. Admisión.

No suposto de que existan menos solicitudes de admisión que prazas ofertadas na respectiva actividade de conciliación, todos/as os/as menores que cumpran cos requisitos de idade fixados (apartado 7.1.1), e teñan presentado solicitude na forma e prazos previstos, serán obxecto de admisión; pasando a formar parte da LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS, que se fará pública na web e sede electrónica municipais (consonte os requisitos e garantías esixibles segundo a normativa aplicable en materia de protección de datos persoais).

Na dita lista provisional indicaranse, asemade, aqueles/as solicitantes inicialmente non admitidos/as, por non ter achegado a documentación requirida, ou por apreciarse algún defecto de forma/presentación susceptible de emenda; outorgándolles un prazo de 10 días para dita emenda/corrección, que de non producirse implicará a súa exclusión da lista definitiva.

No caso de que as solicitudes que cumpran cos requisitos de idade fixados (apartado 7.1.1), e teñan sido presentadas na forma e prazos previstos, superen o número de prazas ofertadas, para a adxudicación das prazas teranse en conta os seguintes criterios, que se irán aplicando sucesivamente e segundo a orde de prelación/preferencia indicada:

- 1º.- Solicitantes que cumpran os requisitos indicados no apartado 7.1.2.a)
- 2º.- Solicitantes que cumpran os requisitos indicados no apartado 7.1.2.b)
- 3º.- Supostos de mulleres vítimas da violencia de xénero.
- 4º.- Supostos de unidades familiares/de convivencia monoparentais, ou coa consideración legal de numerosas.
- 5º.- En caso de que, aplicados os criterios anteditos, aínda existan solicitudes que se atopen en igualdade de condicións de acceso respecto as prazas pendentes de adxudicación, esta resolverase mediante sorteo (que será público, a que poderán asistir os/as solicitantes afectados).

A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, resultante da aplicación do antedito, será publicada na web e sede electrónica municipais; consonte os requisitos e garantías esixibles segundo a normativa aplicable, en materia de protección de datos persoais.

SITUACIÓN/LISTAXE DE AGARDA. De non dispoñerse de prazas suficientes para satisfacer a solicitudes realizadas (e que cumpran cos requisitos de idade fixados no apartado 7.1.1., e



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

teñan sido presentadas na forma e prazos previstos), trala lista definitiva de admitidos/as elaborárase unha de agarda, e derivada da aplicación dos criterios de prelación/preferencia anteditos, que tamén será publicada na web e sede electrónica municipais (consonte os requisitos e garantías esixibles segundo a normativa aplicable, en materia de protección de datos persoais). Os/as menores en situación de agarda irán accedendo á actividade solicitada na orde na que figuren nesa listaxe.

Durante a realización das actividades de Madrugadores/as e Concilia Verán (nas quendas de prestación que non se teñan iniciado na data desta solicitude) os/as interesados poderán presentar solicitude de admisión; e sempre que existan prazas vacantes, e cumpran cos requisitos de idade fixados no apartado 7.1.1. e teñan sido presentadas na forma e prazos previstos, serán directamente admitidos/as. De non existir prazas vacantes, pasarán a situación de agarda; e de existir xa unha listaxe de agarda derivada do prazo ordinario de preinscrición e admisión, ingresarán na mesma tras os integrantes da mesma, e atendendo oas criterios de prelación/preferencia anteditos.

### 8. Baixa nas actividades do programa.

A baixa nas diferentes actividades do programa será libre e voluntaria, podéndose solicitar en calquera momento e, en todo caso, a través do Rexistro Xeral do Concello. Tendo efectos dende a data en que se pretenda, e que se deberá indicar na solicitude de baixa (e que nunca poderá ser nunha data anterior aos 3 días hábiles posteriores ao da presentación da solicitude); e iso sen prexuízo dos efectos especificamente previstos respecto da liquidación/pagamento do prezo público correspondente, segundo o disposto ao efecto bases que regulen o mesmo.

### 9. Exclusión

A administración resérvase o dereito exclusión das actividades do programa a aqueles/as usuarios/as que non respecten o previsto nesta bases e/ou, no seu caso, naquelas outras previsións normativas aplicables e de obrigado cumprimento. En todo caso, dita exclusión deberá ser adoptada mediante resolución motivada do órgano municipal competente, e garantindo o dereito de audiencia dos/as afectados.

### 10. Condicións especiais de saúde dos/as usuarios/as

As persoas usuarias do programa deberán notificar calquera problema de saúde, alerxias/intolerancias a calquera tipo que poidan verse afectadas polas actividades desenvolvidas, achegando o correspondente informe médico acreditativo das mesmas, así como indicativo da medicación, coidados e/ou actuacións específicas quen seu caso procedan; e en ningún caso se administrarán medicamentos sen o cumprimento do antedito.

Os/as menores que padezan febre ou enfermidades contaxiosas non poderán asistir, mentres persistan, ás actividades do programa nas que teñan sido admitidos/as.

### DISPOSICIÓN FINAL. Ámbito de aplicación e vixencia temporal das presentes bases.

As presentes bases resultarán aplicables a todo programa ou actividade de Conciliación Municipal desenvolvidos polo Concello de Val do Dubra e cuxo obxecto e condicións de prestación resulten coincidentes ou compatibles; sen prexuízo das modificacións concretas que no seu caso sexa preciso realizar.

En todo caso, estas bases entenderanse vixentes, nos termos aprobado, en tanto non se



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

proceda a súa modificación expresa ou, no seu caso, derogación como consecuencia da aprobación daqueloutras de maior rango normativo ou que conteñan dita previsión derogatoria.

Val do Dubra, 23 de agosto de 2024

O alcalde, Diego Luís Díaz Méndez

*Val do Dubra, naturalmente*